

DIFERENZAS ENTRE FEITO E OPINIÓN. O ARTIGO DE OPINIÓN.

1.- Diferenzas entre feito e opinión.

Un **feito** é todo evento comprobable mediante a percepción dos sentidos. É algo observable, verificable e obxectivo, é dicir, que non depende do suxeito que o observa. Ocorreu ou ocorre e pode comprobarse a súa existencia. En cambio, unha **opinión** é o grao de posesión da verdade respecto dun coñecemento que se afirma como verdadeiro sen ter garantía da súa validez. É un xuízo que alguén emite sobre algo ou alguén. Contraponse á certeza como posesión plena da verdade que se afirma sen sombra de dúbida acerca da súa validez. Así pois, un termo refírese ao obxectivo, mentres que o outro está no terreo do subxectivo.

Exercicio.

Vistas estas definicións, imos facer unha pequena proba. Das frases seguintes, dicide **cales se refiren a feitos e cales a opinión / avaliación / valoración** sobre algo.

1. Xosé fíxome unha pregunta durante a reunión
2. Ela é agresiva cando fala co seu amigo
3. O meu xefe enfadouse comigo sen motivo

Vexamos as respostas:

1. É un feito. É unha observación sobre algo que pasou na reunión sen engadirlle ningunha avaliación.
2. É unha avaliación ou xuízo. Dicir que é agresiva é unha avaliación. Para ser considerada un feito debería dicir, por exemplo, que ela zarandeou ao seu amigo cando falou con el.
3. É unha avaliación ou xuízo. É bastante probable que, para a outra persoa, houbera un motivo para enfadarse.

Nun texto podes encontrar feitos e opinións. Non sempre son tan fáciles de distinguir coma nos exemplos anteriores. A opinión é interna, subxectiva, variable, a maioría das veces interesada e non ten por que ter un fundamento. En cambio, o coñecemento é obxectivo, con carácter xeral, concreto e ten algún tipo de proba que o avale. Se alguén afirma que lle gustan os pasteis, trátase dunha idea particular, é unha simple opinión e pode haber outras totalmente contrarias. Por iso se di que todas as opinións son respectables. Se alguén di que os pasteis doces teñen azucre, non está emitindo unha opinión, é unha información.

No ámbito periodístico inténtase distinguir con claridade a opinión e a información. **Un exemplo da información é a noticia**, que debe ser rigorosa e responder a unha serie de preguntas: que pasou, cando, como e onde. Na información non se deben incorporar opinións, polo menos dunha maneira explícita ou directa, xa que é inevitable que indirectamente ou entre liñas ou no tratamento da mesma o periodista traslade a súa opinión persoal. Un exemplo de opinión é o artigo de opinión, onde o escritor expresa a súa valoración sobre algún tema de actualidade.

2.- O artigo de opinión.

O artigo de opinión é un texto xornalístico no que o autor **analiza e interpreta un feito ou unha circunstancia** da realidade que xulga de interese, facendo unha análise coidadosa e un traballo de interpretación persoal, emitindo unha opinión ou xuízo valorativo ao respecto. Os temas tratados nos artigos de opinión son moi diversos e os articulistas gozan de gran liberdade expresiva como para abordalos como desexan, quedando ao seu criterio persoal o ton e a perspectiva que asumirán, así como o nivel de formalidade co que pensan dirixirse aos seus lectores. É necesario que o artigo de opinión teña un título orixinal e atractivo, e non máis de dúas ideas centrais identificables, para presentarse como una sólida unidade de sentido.

Está presente, como é lóxico, a subxectividade, ao estar atravesada esta mensaxe polo pensamento e o criterio propio dun individuo dado.

A finalidade dos textos de opinión, máis aló de brindar unha visión crítica e persoal dunha realidade, é **abrir o debate, mover á reflexión**. Pola súa intención divulgativa e o seu estilo literario, aseméllanse ao xénero literario do ensaio.

En canto á linguaxe, é libre, en xeral, os articulistas **tratan de ser claros como para chegar a todo o público** e que o seu traballo, así, teña máxima repercusión. Ademais, buscan ser amenos e orixinais.

O autor utiliza a tese e argumentación como fortaleza á hora de expresar as súas ideas.

No que respecta á estrutura, malia non existiren normas ríxidas, en xeral, **primeiro hai un fragmento introdutorio de carácter explicativo-expositivo**, para poñer ao lector en tema. A este ségueno **a tese e a argumentación**, a parte máis forte do artigo de opinión, xa que é aí onde o autor manifesta a súa opinión e argumenta o porqué do seu punto de vista. O artigo habitualmente péchase cunha **conclusión**.

Os tipos principais de artigos de opinión son:

- **Columnas.** Son espazos reservados para que periodistas de prestixio (a miúdo chamados “columnistas”) se expresen axustándose soamente a dúas pautas: non sobrepasar o número de palabras establecido polo periódico para a columna e expresarse coa claridade suficiente como para chegar ao lector xeral, cun selo propio.
- **Críticas.** Son xuízos específicos acerca de acontecementos culturais, xeralmente relacionados coa arte (poden ser críticas de películas, de obras de teatro, de exposicións de pintura, de libros).
- **Tribuna libre.** Algúns diarios teñen previsto un espazo para a publicación esporádica de artigos de maior extensión, escritos por persoas que non son profesionais da información, pero que teñen opinións autorizadas sobre certos temas que poden resultar de interese xeral.

FONTES:

- *Sabemos diferenciar feitos de opinións?* Autor: Francesc Bonada
<http://rumbointerior.com/sabemos-diferenciar-hechos-de-opiniones/>
- *Cales son as diferentas entre feito e opinión?* Autora: Daniela Rodríguez
<https://www.lifeder.com/diferencias-hecho-opinion/>
- *Artículo de Opinión.* Autor: Julia Máxima Uriarte. Para: Caracteristicas.co. Última edición: 22 de junio de 2019. Disponible en: <https://www.caracteristicas.co/articulo-de-opinion/>